



Concello de Oza-Cesuras

RESOLUCIÓN DO ALCALDE

ANTECEDENTES:

O Concello de Oza-Cesuras está a realizar o proceso de selección para a contratación laboral temporal das persoas que cubrirán a 3ª quenda do cadro de persoal para o “Programa da Deputación Provincial de Integración Laboral mediante execución de obras e servizos mínimos municipais – PEL CONCELLOS REACTIVA, anualidade 2021 composto por:

- Un oficial de segunda durante 4 meses.

CONSIDERACIÓN:

No apartado 5 das Bases que han de rexer para a dita provisión establécese que rematado o prazo de presentación de instancias dictarase resolución declarando aprobada a listaxe de admitidos e excluídos, resolución que se publicará no taboleiro de anuncios do concello, e que tamén poderá publicarse na páxina web do concello, e que deberá conter a composición nominal do órgano ou tribunal seleccionador, integrado por catro persoas, tanto titulares como suplentes que se encargará de levar a cabo o proceso selectivo e o lugar, data e hora de comezo dos exercicios e, de ser o caso, a orde de actuación dos aspirantes.

No penúltimo párrafo do apartado 7 das Bases que han de rexer para a dita provisión sinálase que No caso de que non se presenten máis solicitudes que número de prazas convocadas, e sempre que reúnan os requisitos esixidos na convocatoria, non será preciso a realización do proceso de selección.

Considerando o disposto no artigo 21.1 g) da lei 7/1985 de 2 de abril, esta Alcaldía RESOLVE:

PRIMEIRO: Aprobar as seguintes listaxes de admitidos no proceso das persoas que cubrirán a 3ª quenda do cadro de persoal para o “Programa da Deputación Provincial de Integración Laboral mediante execución de obras e servizos mínimos municipais – PEL CONCELLOS REACTIVA, anualidade 2021” na contratación laboral dun oficial de segunda durante 4 meses:

APELIDOS E NOME	DNI
LOPEZ RUZO, JOSE MANUEL	***1820**
BARBERA BUESO, JUAN MANUEL	***0095**

SEGUNDO: Establecer a composición do tribunal:

Presidente: Pablo Vidal Ferreiro, funcionario do Concello de Oza-Cesuras.

Secretario: José C. Sánchez Presedo, Secretario-Interventor do Concello de Oza-Cesuras ou funcionario en quen delega.

Vogais:

-José Manuel Pita Sánchez, persoal laboral do Concello de Oza-Cesuras.

-Jose Varela Lata, persoal laboral do Concello de Oza-Cesuras.

Suplentes:

-María Teresa Saavedra Cruz, funcionaria do Concello de Oza-Cesuras

TERCEIRO: O tribunal seleccionador deberá constituirse o día 14 de xullo de 2021, ás 9:00 horas na Casa do Concello ao obxecto de levar a cabo a fase de concurso na que se valorarán o ter acadado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral, a experiencia laboral e dos méritos acreditados polos solicitantes.

Igualmente se comunica que ás 11:30 horas do mesmo día se levará a cabo a entrevista persoal ou





Concello de Oza-Cesuras

proba oral na que se farán preguntas relacionadas coas tarefas a desenvolver no posto de traballo, interese demostrado no mesmo, así como preguntas relativas ao nivel de coñecementos axeitados ao posto de traballo.

TERCEIRO: Publicar na páxina web do Concello, a lista provisional de admitidos e excluídos, aos efectos oportunos.

Oza-Cesuras, na/s data/s da/s sinatura/s electrónica/s

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo.- J. Pablo González Cacheiro

Asdo.- José C. Sánchez Presedo

